



DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO RELATIVA AO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO CABANELAS, NOS CONCELLOS DE A ESTRADA, FORCAREI E CERDEDO-COTOBADE, NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, PROMOVIDO POR GREENALIA WIND POWER CABANELAS S.L.U. (CLAVE: 2023/0001)

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en base ás súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (*BOE núm. 296 do 11 de decembro*), modificada pola Lei 9/2018, do 5 de decembro (*BOE núm. 294 do 6 de decembro*), polo Real Decreto-Lei 23/2020, do 23 de xuño (*BOE núm.175, do 24 de xuño*) e polo Real Decreto-Lei 36/2020, de 30 de decembro (*BOE núm. 341 do 31 de decembro*), establece no seu artigo 7.1 apartado a) que os proxectos incluídos no seu anexo I serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Entre os proxectos que figuran no dito anexo I atópanse, no grupo 3.i, os parques eólicos que teñan 50 ou máis aeroxeradores, ou máis de 30 MW ou que se atopen a menos de 2 km doutro parque eólico en funcionamento, en construción, con autorización administrativa ou con declaración de impacto ambiental.

Este sería o caso da actuación pretendida, dado que o parque atoparase a menos de 2 km dun parque eólico en funcionamento.

Considerando o anterior, o proxecto someteuse ao trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria e, téndose practicado o referido procedemento, procede formular a correspondente declaración de impacto ambiental (DIA), de acordo co disposto no artigo 41 da dita Lei 21/2013.

1. INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO

1.1. Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto é Greenalia Wind Power Cabanelas S.L.U. e o órgano substantivo a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

1.2. Obxecto do proxecto, descrición e localización

De acordo co estudo de impacto ambiental, o proxecto ten por obxecto a execución dun parque eólico de 18 MW de potencia total nos concellos de A Estrada, Forcarei e Cerdedo-Cotobade na provincia de Pontevedra, composto por 4 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias do cableado e un centro colector) que se localizarán dentro do polígono definido polas coordenadas UTM que se indican no punto 3 desta DIA.

As características principais do proxecto, segundo a súa configuración inicial, son as seguintes:

- Número de aeroxeradores: 4
- Modelo previsto: Siemens-Gamesa SG 4,5-145
- Potencia nominal unitaria: 4,5 MW.
- Potencia total instalada: 18 MW.
- Altura de buxa: 90 m
- Diámetro de rotor: 145 m
- Orzamento (execución material): 13.915.804,65 €.




O parque contará coa infraestrutura necesaria para produción de enerxía eléctrica renovable para o cumprimento dos obxectivos do PNIEC no 2022 no que foi admitido a trámite.

En canto a evacuación da enerxía producida no parque efectuarase a través dunha liña de media tensión ata a subestación de As Penizas, obxecto doutro expediente.

O prazo estimado de execución do proxecto é duns 6 meses.

Inclúese a continuación un bosquejo do proxecto coa configuración reflectida no estudo de impacto ambiental.



1.3. Principais elementos ambientais da contorna

O Parque Eólico Cabanelas sitúase no concellos de A Estrada, Cerdedo-Cotobade e Forcarei, na provincia de Pontevedra, dentro do ámbito de actuación da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa. Os sistemas de explotación (SE), nos que se localizan as instalacións, son o número 03 "RÍO LÉREZ E RÍA DE PONTEVEDRA" e o 04 "RÍO UMIA E RÍA DE AROUSA (MARXE ESQUERDA)".

Discorren próximos ás actuacións definidas na documentación de referencia, os seguintes cursos fluviais codificados por Augas de Galicia: río de Quireza (273026) e os afluentes, tributarios do río Lérez (273). Os encoros máis próximos á zona de actuación son o encoro de "Anllo" (ES.014.NR.273.000.03.01), a uns 7,9 quilómetros ao suroeste da arqueta de entrada na subestación do parque eólico As Penizas, e o encoro de "Umia" (ES.014.NR.253.000.02.00), a uns 8,6 quilómetros ao noroeste do aerogenerador AE 01 do parque. consultada a rede fluvial de detalle actualizada 2021 da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, destacar entre as principais afeccións o cruzamento dun rego innominado tributario do rego dos Ladros (27302601) pola execución de gabiá de cableado.

O lugar onde se localiza o proxecto non ostenta ningunha figura de espazos naturais protexidos, das recollidas na Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, e na Lei 42/2007, do 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade, deconformidade co artigo 75 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, a zona de actuación non está comprendida dentro dos límites de ningunha área protexida por instrumentos internacionais.





Revisado o Inventario de humidais de Galicia (IHG), creado polo Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia, obsérvase que, o desenvolvemento do proxecto, non afecta a ningunha das zonas húmidas recollidas no dito inventario.

De conformidade co Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España (2005), realizado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (actual Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico), na zona de actuación localízanse teselas onde se identificaron os seguintes hábitats naturais de interese comunitario ou prioritarios:

Código UE	Prioritario	Denominación
4030	Non	Uceiras secas europeos
4090	Non	Uceiras oromediterráneos endémicos con toxos
8230	Non	Rochedos silíceos con vexetación pionera do Sedo – Scleranthion ou do Sedo albi-Veronición dillenii

No ámbito de actuación non están presentes árbores ou formacións incluídas no Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras.

Segundo se deriva da información dispoñible na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, as cuadrículas nas que se inclúe o ámbito de actuación do proxecto (UTM 10x10 29TNH41 - 29TNH51), correspóndese coa área de distribución da seguintes especies protexidas, incluídas no Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA):

Flora: *Narcissus cyclamineus*; *Eryngium duriaei* subsp. *Juresianum*; *Thymelaea broteriana*

Fauna:

- INVERTEBRADOS: *Geomalacus maculosus*.
- ANFIBIOS: *Rana iberica*, *Chioglossa lusitanica*, *Hyla arborea*.
- AVES: *Circus cyaneus*, *Circus pygargus*, *Gallinago gallinago*, *Milvus milvus*, *Scolopax rusticola*, *Vanellus vanellus*, *Tetrax tetrax*, *Bubo bubo*.
- MAMÍFEROS: *Galemys pyrenaicus*, *Rhinolophus ferrumequinum*, *Rhinolophus hipposideros*, *Myotis mystacinus*, *Myotis myotis*

Segundo a zonificación establecida no Decreto 297/2008, de 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia, o parque eólico encádrase na Zona 1, correspondente coa de maior densidade. Os axentes medioambientais do Distrito XVI confirman a presenza de lobo na zona de estudo.

Na prospección de refuxios de quirópteros realizada detectouse unha colonia de cría de *Rhinolophus ferrumequinum*, a case 5 km do aeroxerador máis próximo.

De acordo co Catálogo da Paisaxe de Galicia, o proxecto localízase nas grandes áreas paisaxísticas Galicia Central e Rías Baixas, nas comarcas paisaxísticas Terra de Montes-Alto Léz e Baixo Léz, respectivamente.

En canto ao patrimonio cultural, atendendo ao Estudo de impacto sobre patrimonio cultural se verificaron a existencia de 18 elementos dentro do ámbito xeral de estudo constituído pola poligonal, 17 de carácter arqueolóxico e 1 de carácter arquitectónico.

2. TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE

2.1. Resumo da tramitación

O 02/10/2020, Greenalia Wind Power Cabanelas SAU (actualmente Greenalia Wind Power Cabanelas S.L.U) solicitou á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais autorización





administrativa previa e de construción, aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) e declaración de utilidade pública para a modificación substancial do proxecto denominado Parque Eólico Cabanelas nos termos municipais de A Estrada, Forcarei e Cerdedo-Cotobade, de conformidade co artigo 39 da Lei 8/2009, do 22 de decembro. Xunto coa solicitude achega a correspondente documentación técnica.

Tras varios requirimentos de documentación, o 10/05/2021 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais notificou á promotora o cumprimento dos requisitos aos que fai referencia o artigo 29.2 da Lei 8/2009, do 22 de decembro.

Mediante resolución do 04/0/2022, da Xefatura Territorial de Pontevedra, publicada no DOG núm 165 do 31 de agosto de 2022, sometéronse a información pública o Estudo de Impacto Ambiental, as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, a aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) e a declaración de utilidade pública do proxecto do parque eólico Cabanelas, situado nos concellos da Estrada, Forcarei e Cerdedo-Cotobade, por un prazo de 30 días.

A dita resolución publicouse así mesmo no xornal Faro de Vigo do 31/08/2022; na páxina web da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e permaneceu exposta ao público no taboleiro de anuncios dos concellos afectados de A Estrada, Forcarei e Cerdedo-Cotobade, que emitiron os correspondentes certificados de exposición pública (en datas 20/10/2022, 29/10/2022 e 14/10/2022, respectivamente), permanecendo así mesmo dispoñible na Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación para a súa consulta, durante o período de 30 días hábiles, segundo consta en certificado emitido o 23/11/2022.

O 5/01/2023 se recibe nesta Dirección xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o expediente ambiental e se considera que o expediente de avaliación de impacto ambiental está completo para iniciar a súa análise técnica.

2.2. Resumo do expediente

O expediente de avaliación de impacto ambiental contén, entre outra documentación, o estudo de impacto ambiental (EsiA), o documento técnico do proxecto de execución, diversas addendas e documentación complementaria incorporada ao longo da tramitación, os anuncios e certificados de exposición pública, as alegacións ambientais e os informes recibidos como resultado dos trámites de información pública e de consultas sobre o EsiA e as súas addendas ou documentación complementaria de ser o caso.

A avaliación non inclúe os aspectos de seguridade das instalacións e dispositivos eléctricos, de seguridade e saúde no traballo, de seguridade aérea, estradas e outros que posúan normativa reguladora e instrumentos específicos e se atopan fora do alcance da avaliación ambiental, nin todo aquilo que se atopa fora do ámbito da poligonal na que se pretende a execución do proxecto.

En canto aos informes, pódese indicar o seguinte:

- A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, en data de 20/10/2022 informa que dende o punto de vista da protección do patrimonio cultural, emítese informe favorable dos documentos do "Estudo de Impacto Ambiental. Parque eólico Cabanelas. Agosto 2021" e "Proxecto sectorial. Parque eólico Cabanelas. Agosto 2020", nos termos municipais da Estrada, Cerdedo-Cotobade e Forcarei, (Pontevedra), debéndose, en todo caso, ter en conta os seguintes puntos:
 - Revisarase a zona da gabia de cableado, baixo control arqueolóxico, unha vez retirada a vexetación, no tramo na zona de confluencia coa estrada EP 7001 e ata o centro de seccionamento, en previsión de que se localice algunha caixa de camiño histórico ou tradicional relacionado co Camiño da Geria e dos Arrieiros.
 - A planimetría de obra deberá recoller todos os elementos de interese patrimonial





existentes dentro da poligonal, así como os seus contornos de protección legal, tamén se incluíran progresivamente, todos aqueles elementos que puidesen aparecer durante os traballos previos de roza ou de control que se realicen durante os traballos de construción.

- Deberá de revisarse con anterioridade ao inicio das obras os puntos indicados no estudo Hybrid MSRM-based deep learning and multitemporal Senti-nel-2-based machine learning algorithm detects near 10k ar-chaological tumuli in North-western Iberia. Especialmente o situado nas coordenadas 550515,4715981 cuxa natureza non foi posible clarificar e queda situado nas inmediacións do acceso ao Aeroxerador 04. Do mesmo xeito deberá de verificarse a natureza do elemento indicado como Mámoa H de Campo das Antas (UTM ETR89 (Huso29N): 484550337,4715858), recollido na prospección realizada na zona pola arqueóloga Paz Blanco Sanmartín.
 - Ademais deberá de realizarse unha nova valoración dos impactos, que teña en conta os novos elementos identificados, e que se incluírá no proxecto de control e seguimento arqueolóxico, acompañada das súas correspondentes medidas correctoras.
 - Deberá de proxectarse un minucioso plan de control e seguimento a pé de obra dos traballos de escavación e remoción do terreo nas zonas de maior potencialidade de aparición de restos arqueolóxicos, que se entregará acompañando ao proxecto de control.
 - Tanto a área de protección integral da Cruz da Lagoa do Medio (RE36011018) como a do Petróglifo de A Mámoa 2 (GA36018119) deberán de balizarse durante a zona de replanteo das obras, estas balizas non poderán traspasarse por maquinaria ou vehículos de obra.
 - Non se permitiran obras de ampliación ou mellora na estrada que atravesa a necrópole de Campo das Antas, calquera tipo de actuación deberá de contar cun permiso específico desta Dirección Xeral. Tampouco se permite a realización de acopios ou prestamos de ningún tipo nun ámbito de protección de 200 metros medido dende o límite dos elementos patrimoniais existentes na zona.
 - Acompañando ao pertinente proxecto de control e seguimento arqueolóxico das obras, será necesario presentar un proxecto de posta en valor os elementos existentes na poligonal do parque eólico. Dito proxecto deberá de recoller, cando menos, os traballos de control da limpeza de vexetación e acondicionamento de todos os túmulos e petróglifos existentes, cunha sinalización individualizada dos mesmos, acompañado dun traballo de difusión da necrópole e elementos asociados, tanto en redes como presencial. Tamén será necesario asinar un compromiso de mantemento, limpeza e conservación dos xacementos. Este proxecto deberá de entregarse con anterioridade ao inicio dos traballos.
 - Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural do acceso ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso fóra da poligonal desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc.). Identificaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeróxeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.
- A Dirección Xeral de Patrimonio Natural (DXPN) en data 02/12/2022 informa que a tenor do sinalado no apartado III.13 deste informe, o estudo de impacto ambiental non está terminado, dado que os inventarios que serven de base á análise non se presentan, están incompletos ou





son claramente insuficientes, e as medidas correctoras, preventivas e compensatorias tamén teñen carencias significativas e sinala que é responsabilidade do promotor, de acordo co establecido no artigo 35 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, a elaboración do estudo de impacto ambiental.

E conclúe que "á vista do antedito, da análise da documentación e dos datos achegados polo Servizo de Patrimonio Natural de Pontevedra, dados os defectos do estudo de impacto ambiental, considera que a execución do proxecto, tal e como se contempla nese momento, non é compatible coa preservación dos valores naturais da contorna polo que informa negativamente o PE Cabanelas".

O 19/12/2022 a Xefatura Territorial da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación remite ao promotor o antedito informe, que con data do 27/12/2022 responde mediante un escrito no que mostra a súa desconformidade co seu contido , e chega documentación adicional (adenda ao EsIA decembro 2022 e shapefile) de cara a aclarar os aspectos sinalados no informe da DXPN , e co fin de que sexa valorada polo citado departamento.

O 10/01/2023 , a Dirección Xeral de Patrimonio Natural emite un segundo informe no que se avalía a resposta do promotor ao seu informe desfavorable de data 02/12/2022 e a " Adenda ao Estudio de Impacto Ambiental do Parque Eólico Cabanelas", nos Termos Municipais de A Estrada, Cerdedo-Cotobade e Forcarei (Pontevedra).

No dito informes se indica que:

1. Con respecto á resposta do promotor acerca da afección superficial valorada no ámbito das faixas de biomasa forestal segundo o establecido na *Lei 3/2007 do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia*, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural acepta a adenda presentada.
2. Con respecto á reposta presentada polo promotor en relación ao estudio de avifauna, este departamento indica que a pesares de terse corrixido as datas de realización do Seguimento preoperacional de avifauna e quirópteros, o dito estudo debería terse incorporado inicialmente coa presentación do EsIA e asemade, ponse de manifesto que a zona onde se prevé implantar o parque eólico é unha zona con presenza habitual de *Circus pygargus*, especie catalogada como "vulnerable" segundo o Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas, que ven experimentando un declive significativo en Galicia, polo que é esencial a conservación libre de ameazas de aqueles espazos nos que sigue estando presente.
3. No tocante á resposta do promotor ao respecto á cronoloxía de realización do EsIA e o Proxecto de execución , a DXPN reafirmase no indicado no seu primeiro informe , ao seguir considerando que os aspectos importantes do estudo de impacto ambiental non foron considerados na elaboración do proxecto que foi elaborado un ano mais tarde sen avaliar outras alternativas.
4. Así mesmo, o informe engade unha valoración dos posibles efectos sinérxicos e acumulativos do proxecto con outros parques eólicos proxectados . Indícase que para esta valoración, calculouse, como primeiro paso, o espazo afectado polos aeroxeradores dentro do ADE e as ADE veciñas, considerando que a área afectada por cada aeroxerador esténdese en 1 km á redonda de cada posición. Para valorar a importancia da superficie afectada comparouse a suma de áreas afectadas coa dispoñible dentro do ADE.

Feita esta análise , considérase que o proxecto sitúase nunha contorna onde están en tramitación, ademais deste, os proxectos do parque eólico de Borreiro (e a súa liña de evacuación) e o parque eólico de Pedra Longa, nunha zona onde o conxunto de





actuacións xerarán un alto nivel de ocupación de aeroxeradores e infraestruturas asociadas, e así mesmo, un impacto que se prevé incompatible co mantemento das poboacións existentes de *Circus pygargus*, e polo tanto, dende a análise do proxecto do parque eólico Cabanelas individualmente considerado, como dende o punto de vista de efectos sinérxicos do conxunto de parques eólicos en tramitación na zona, se consideran incompatibles co mantemento das poboacións de *Circus* presentes.

Tendo en conta estes puntos conclúe que, *"á vista dos antecedentes e da análise da documentación, considérase que o proxecto pode xerar un impacto crítico sobre a avifauna, particularmente sobre a poboación local de *Circus pygargus* e que o proxecto presenta impactos acusados sobre o patrimonio natural e a biodiversidade e, por tanto, emítase informe desfavorable"*.

- O Instituto de Estudos do Territorio (IET) O 30/09/2022 emite un primeiro informe no que conclúe que, no relativo ao contido do EIIP, considérase en xeral axustado ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG, pero que non obstante, deberanse ter en conta as consideracións que se indican no seu informe. Sinala que o principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual producida polos aeroxeradores, que pola súa forma e altura, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará durante todo o tempo en que estean instalados os aeroxeradores, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Neste caso, entre as zonas afectadas pola incidencia visual cabe destacar a AEIP Coto de Codeseda, os miradoiros próximos, a ruta de sendeirismo PR-G 113 Rota das Pontes do Lérez, e os núcleos de poboación. Esta incidencia visual, aínda que non pode ser mitigada con medidas correctoras agás nos núcleos rurais, **non supón un impacto crítico**. A este respecto, considérase adecuada a medida recollida no EIIP, relacionada coa directriz de paisaxe DX.20.c, de prever a execución de pantallas vexetais nos núcleos de poboación de existir unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores.

No relacionado coa afección aos afloramentos rochosos, o informe sinala que se se deberá estudar a localización da posición AE-01 a fin de evitar a incidencia sobre esas formacións (directriz de paisaxe DX.17.a.4). Para elo analizaranse as características destes elementos naturais de valor (incluíndo fotografías) propoñéndose, no seu caso, o desprazamento do aeroxerador ou cambios no deseño das plataformas de montaxe ou de acopios. A inviabilidade técnica desta medida deberá quedar debidamente xustificada e remata sinalando que esta documentación será necesario sometela de novo ao seu informe .

O 07/11/2022 o promotor responde achegando unha análise dos afloramentos rochosos que poidan ter un valor paisaxístico no entorno da máquina 01 e unha proposta para unha nova localización desta máquina. Así mesmo, se analiza o impacto visual do parque eólico tendo en conta a nova proposta de localización da máquina 01, en comparación coa planta do EIA que foi avaliada no informe do IET de 30 setembro de 2022.

Con data do 05.12.2022 , o IET emite un segundo informe no que conclúe que a modificación da posición da máquina AE-01 e a adaptación das plataformas de montaxe ao trazado dun camiño existente propostas, minimizan de xeito significativo as afeccións sobre os afloramentos rochosos, indicando que o EIIP deberá actualizarse coa documentación adicional achegada e reitérase nas súas conclusións acerca do principal impacto paisaxístico do proxecto, concluíndo que , en todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto e que non será necesario solicitar un novo informe do IET.

O 27/12/2022 o promotor traslada a súa conformidade co contido deste informe

- A Dirección Xeral de Saúde Pública Con data do 29/01/2022 emite un informe no que se conclúe que , sen prexuízo do cumprimento das consideracións recollidas no mesmo e das





competencias atribuídas a outros departamentos e organismos na materia, logo da análise da documentación achegada en relación o estudo de impacto ambiental , e tras a valoración dos aspectos relativos á saúde ambiental, infórmase como favorable condicionado á presentación, con carácter previo ao inicio das obras , da documentación e información dunha serie de aspectos detallados no informe e relacionados co emprego de gases illantes como o SF6 , co estudo preoperacional e a súa repercusión no estudo acústico e ao respecto do efecto de parpadeo de sombras .

Así mesmo indicase que no caso de que a documentación e información relativa aos citados aspectos non se presentase no prazo indicado ou, presentada en prazo, non resultase abonda ou adecuada para a acreditación dos mesmos, entenderase que o estudo non cumpre cos requisitos desde o punto de vista sanitario.

O 27/12/2022 o promotor expresa a súa conformidade co informe.

- A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior en data de 10/08/2022 informa que tras revisar a documentación se estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é baixo, sen prexuízo de que se puidera estar afectado polo Decreto 171/2010, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, o titular deberá elaborar e implantar o plan, elaborado por técnico competente, e que deberá acompañar aos restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio da actividade por parte da autoridade competente.

Engade que o Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle no seu anexo I aquelas actividades susceptibles de xerar situacións de grave risco colectivo, catástrofe ou calamidade e os centros ou instalacións que poden resultar afectados de maneira especialmente grave por situacións dese carácter, polo tanto, se é o caso, o titular deberá implantar, manter e revisar o seu propio plan de autoprotección, que é o documento que prevé as emerxencias que se poden producir a consecuencia da súa propia actividade e as medidas de resposta ante situacións de risco, de catástrofes e de calamidades públicas que podan afectar ao proxecto.

- A Axencia Turismo de Galicia en data 01/12/2022, conclúese que o impacto do proxecto sobre o turismo sería baixo , tanto na fase de obra como na fase de funcionamento, e que deberán terse en conta unha serie de consideracións para minimizar o impacto sobre os puntos de interese turístico identificados , principalmente para reducir a visibilidade das infraestruturas desde eses elementos ou definir medidas compensatorias destinadas ao fomento turístico sustentable na zona , para o caso de que non resulte viable establecer medidas para eliminar ou reducir o impacto ocasionado.

Establécese así mesmo que as obras executaranse no menor tempo posible e que o promotor deberá incorporar ao Plan de Vixilancia actuacións específicas de supervisión periódica da posible afección da infraestrutura no sector turístico.

O 27/12/2022 o promotor responde aceptando o contido deste informe, sinalando que implementará as medidas indicadas pola Axencia de Turismo de Galicia.

- Augas de Galicia en data de 23/09/2023 informa que vista a documentación aportada en relación ao Estudo de Impacto Ambiental e a Separata de Augas de Galicia do Parque Eólico Cabanelas, nos concellos de A Estrada, Cerdedo-Cotobade e Forcarei (Pontevedra), no relativo aos aspectos sobre os que se solicita informe, conclúese que non é previsible que o proxecto poida causar impactos ambientais significativos, tendo en conta as medidas protectoras e correctoras que o promotor prevé adoptar no documento ambiental presentado e as consideracións a tal efecto referidas no presente informe.

Durante os procesos de execución dos traballos de desenvolvemento e implantación da actuación proposta, de cara a non afección ao dominio público hidráulico, deberán contemplarse as directrices sinaladas no presente informe así como as indicadas na





documentación sometida a informe. Cómpre indicar que o informe emítese estritamente desde o punto de vista das competencias deste organismo de bacía, sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto do mesmo e sen prexuízo dos condicionantes que se poidan establecer nas preceptivas autorizacións de Augas de Galicia que se tramiten segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH."

- O Concello de Cerdedo-Cotobade con data de 14/09/2022 emite un informe no que indica , entre outros aspectos, que o proxecto está incompleto (non dispón da ubicación dos elementos sobre a cartografía oficial municipal), estando pendente dos informes sectoriais e autorizacións, e no que se refire á afectación directa do proxecto de execución no concello, incídese na acumulación de liñas coas doutros proxectos e no desorde que provocan.

En relación a afectación nas pistas municipais sinálase que se deberá garantir a reposición dos terreos.

O 18/10/2022 o promotor responde mediante un escrito que contén aclaracións e información sobre os aspectos detallados no informe do concello, e entendendo como favorable o dito informe, solicita se continúe coa tramitación.

- O Concello de Forcarei en data 12/10/2022 emite un informe no que advirte que o EsIA presenta deficiencias e erros no relativo á información aportada sobre elementos do patrimonio natural e cultural, posibles afeccións ás captacións de auga existentes na zona e avaliación do impacto sonoro do proxecto, e indica que o EsIA debe ser revisado e completado cos estudos de campo oportunos, e solicita que se teñan en conta as alegacións aportadas por este concello nas últimas tramitacións de parques eólicos da zona, e que se presente un estudo de conxunto da necesaria liña de interconexión entre os parques da zona .

O 21/11/2022 o promotor responde ás alegacións do concello de Forcarei aclarando aspectos respecto ao procedemento de tramitación e as afeccións do proxecto (sobre os espazos protexidos, sobre elementos do patrimonio cultural, sobre o impacto económico e social, a saúde das persoas etc), solicitando a continuación da tramitación do expediente.

- A Sociedade Galega de Historia Natural presenta un escrito o 19/08/2022 no que se expoñen unha serie de motivos xenéricos sobre a regulación normativa da implantación dos parques eólicos en Galicia e sobre afección medioambiental destes , especialmente sobre a avifauna e os quirópteros, e solicita que se esixa ao promotor que o Estudio de Impacto Ambiental avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre os hábitats así como sobre a Rede Natura 2000, a paisaxe, sobre as especies de fauna e que avalíe os impactos acumulativos e sinérxicos cos outros parques eólicos así como das restantes infraestruturas asociadas nun radio de 10-15 km.

Así mesmo solicita que se esixa ao promotor do proxecto o cumprimento das recomendacións de SEO/BirdLife e da SECEMU para reducir o impacto do parque eólico sobre as poboacións de aves e de quirópteros, a implementación dun Programa de Vixilancia Ambiental rigoroso que avalíe os impactos acumulativos e sinérxicos coas outras liñas de evacuación, a avaliación de alternativas para compartir a liña de evacuación con outras existentes ou proxectadas na zona en toda ou o soterrado da LAT para evitar as afeccións paisaxísticas e sobre a fauna de vertebrados voadores nun radio de 10-15 km.

O 30/09/2022 o promotor emite un escrito no que se aporta resposta a cada unha das cuestións formuladas e os puntos abordados no informe da SGHN en relación co EsIA , e solicita se continúe coa tramitación do expediente.

- Así mesmo, consta un informe do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de Pontevedra na súa condición de unidade tramitadora do órgano substantivo, que recolle as características técnicas do proxecto, un resumo da tramitación practicada no expediente, tanto no referente á obtención dos condicionados





técnicos do proxecto como á tramitación ambiental e os resultados da información pública, e no cal conclúe que procede continuar coa tramitación da avaliación de impacto ambiental e autorización administrativa previa.

- Segundo o previsto polo artigo 24 da Lei 9/2021/ do 25 de febreiro, de simplificación administrativa y de apoio á reactivación económica de Galicia, enténdese que os informes non remitidos é debido a que o órgano substantivo entendeu que son favorables.

No tocante a alegacións con contido ambiental, no expediente remitido polo órgano substantivo constan as presentadas por 1.356 particulares 13 asociacións de distintos ámbitos.

Unha parte do contido de varias das alegacións non reviste carácter ambiental, referíndose a cuestións alleas ao ámbito competencial do órgano ambiental (bens e dereitos afectados, afección económica ás explotacións forestais e agro-gandeiras e retorno social, expropiacións de terreos, seguridade industrial, Plan sectorial eólico, fragmentación do proxecto, aspectos urbanísticos, etc.) que de ser o caso son obxecto doutras fases da tramitación por parte do órgano substantivo de cara ao outorgamento da autorización administrativa do proxecto, ou ben non atinxe á tramitación da avaliación de impacto ambiental de proxectos de cara á formulación da declaración de impacto ambiental.

3. ÁMBITO DA DIA

Unha vez efectuada a análise do expediente, cabe indicar que o proxecto do parque eólico Cabanelas consiste na instalación e explotación dun parque eólico de 18 MW de potencia total nos concellos de A Estrada, Forcarei e Cerdedo-Cotobade (Pontevedra, constituído por 4 aerogeradores de 4,5 MW de potencia nominal unitaria, que se localizarán dentro do polígono definido polas seguintes coordenadas UTM (ETRS89, fuso 29):

Vértices poligonal	UTM X	UTM Y
1	549.046,00	4.717.582,00
2	549.853,00	4.714.176,00
3	550.662,00	4.714.176,00
4	550.662,00	4.715.443,00
5	551.248,00	4.715.753,00
6	551.248,00	4.716.846,00
7	550.272,00	4.716.846,00
8	549.726,00	4.717.582,00

A localización dos aerogeradores e demais infraestrutura asociada ao parque eólico será a que se recolle no plano 2.1 "Planta xeral" do proxecto de execución do parque eólico "Cabanelas" nos termos municipais de A Estrada, Cerdedo-Cotobade e Forcarei (Pontevedra).





4. PROPOSTA

Logo de finalizar a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental e á vista dos informes desfavorables da Dirección Xeral de Patrimonio Natural e dos concellos de Forcarei e Cerdedo- Cotobade, e das cautelas establecidas polo resto dos organismos, considérase que a actuación proxectada non é ambientalmente viable polo que se propón formular a declaración de impacto ambiental desfavorable do proxecto.

O Subdirector xeral de Avaliación Ambiental
Juan Manuel Camiño Soto (asinado electronicamente)

RESOLVE

Formular a declaración de impacto ambiental desfavorable do proxecto do parque eólico *Cabanelas*, promovido por Greenalia Wind Power Cabanelas S.L.U. nos concellos de A Estrada, Forcarei e Cerdedo-Cotobade (Pontevedra), nos termos propostos polo Servizo Avaliación Ambiental de Proxectos, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Esta declaración de impacto ambiental farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia* e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e se lle remitirá ao órgano substantivo para os efectos que correspondan no marco do procedemento de autorización administrativa das instalacións.

De acordo co artigo 41.4 da lei de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso algún sen prexuízo dos que, se é o caso, procedan na vía administrativa e xudicial fronte o acto polo que se autoriza o proxecto.

Santiago de Compostela, (na data da sinatura electrónica)

A Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
María Sagrario Pérez Castellanos (asinado electronicamente)

